

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, don Julián Cerviño Iglesia director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, (DOG núm. 167, do 2 de setembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia e as Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (en diante, Entidades Locais), teñen acadado un importante avance na posta en marcha de servizos dixitais tanto para a relación coa cidadanía, como para o seu funcionamento interno e para as relacións interadministrativas.



Segundo.- Entre as competencias que, no referente ás relacións coas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, está a de colaboración e cooperación, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios. Os instrumentos de colaboración entre a administración autonómica e local, están consolidados en diferentes ámbitos de desenvolvemento dixital.

Terceiro.- Correspóndelle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entre outras, as atribucións relativas á xestión do Portal da Administración local de Galicia (Eidolocal), así como o fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Cuarto.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro.

Segundo o disposto no dito decreto a Amtega ten entre as súas atribucións, entre outras, o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Corresponde tamén á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma; o deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma; así como a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

Quinto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, sinala que a contratación centralizada efectuarase a través do departamento que acorde o Consello da Xunta de Galicia por proposta da comisión interdepartamental regulada no seu artigo 20. Asemade, o artigo 20.5 da lei permite que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poidan adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración. A relación de subministracións, obras, servizos e outras prestacións, que serán susceptibles de contratación centralizada fíxose pública a través da Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación



do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2015). En particular, o Anexo II recolle os supostos nos que a AMTEGA pode actuar como departamento da contratación centralizada.

Sexto.- A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos ten entre os seus fins a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Gallega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Sétimo.- Segundo o artigo 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, en particular:

- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal
- b) Participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma e co Estado.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais o artigo 36.1 da Lei 7/1985 inclúe a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior aos 20.000 habitantes

Oitavo.- O artigo 25.1. ñ. da Lei 7/1985, do 2 de abril, enumera entre as competencias propias dos concellos a promoción no termo municipal da participación dos cidadáns do uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicación.

Noveno.- O día 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 9 de xullo de 2018.

Continuando esta liña de colaboración, o día 12 de novembro de 2018 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 31 de decembro de 2024, e ao que agora se pretende dar continuidade a través dun novo convenio de colaboración, no que ademais dos servizos incluídos en convenios anteriores se inclúan novos ámbitos de colaboración atendendo ás situacións e posibilidades de desenvolvemento de servizos dixitais, ou de xestión de recursos dixitais.



Décimo.- Este novo marco de colaboración xurde nun contexto estratéxico que ten que dar resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeiro.- No ámbito autonómico a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia recolle no seu artigo 3, sobre os fins da dita lei, a cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade. Esta cooperación prestará especial atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio.

Igualmente no artigo 128 sobre a cooperación e colaboración con outros organismos, establece o impulso das relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración. Segundo o dito artigo 128 a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración e a cooperación co resto das administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, as técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación a todos os niveis.

Décimo segundo.- A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) é a folla de ruta da Xunta de Galicia para potenciar o aproveitamento das tecnoloxías dixitais para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento rexional, e por tanto, asegurará o aliñamento, a coordinación e a complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas Administracións no territorio.

Décimo terceiro.- A EGD2030 impulsa o desenvolvemento dun "Goberno e Administración Intelixente", que ten como obxectivo consolidar unha administración dixital máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos e baixo un enfoque centrado na cidadanía. Para o desenvolvemento e consolidación da Administración dixital e o enfoque centrado na cidadanía as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos que cómpre seguir para levala a cabo, co fin de que o nivel de servizo chegue por igual a toda a cidadanía. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, coordina recursos e sistemas dixitais que poden contribuír ao desenvolvemento dixital.

Décimo cuarto.- No contexto da dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto. Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros



de proceso de datos da Amtega), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

Décimo quinto.- A Xunta de Galicia está a impulsar unha estratexia do dato como elemento fundamental no desenvolvemento dos servizos dixitais das administracións públicas, datos gobernados e compartidos, que permitan dispor dun mellor coñecemento do territorio, dos procesos e do funcionamento dos servizos, e todo iso para desenvolver novos servizos dixitais máis avanzados, e adaptados aos obxectivos das administracións e da súa relación coa cidadanía. Para acadar estes obxectivos será especialmente relevante a compartición de datos entre as administracións públicas situadas no territorio galego.

Décimo sexto.- Ademais para a implantación dunha auténtica relación dixital das administracións públicas galegas na súa relación coa cidadanía é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso a servizos e medios habilitantes de servizos dixitais. E neste modelo tamén é preciso posibilitar a interacción coa Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, a Xunta de Galicia, asume tamén a coordinación coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento e posta a disposición das administracións públicas galegas servizos e sistemas promovidos ou xestionados pola propia Administración Xeral do Estado. Así, nos últimos anos, formalizou diferentes convenios para o impulso da Administración electrónica, considerando a posibilidade de adhesión para as Entidades Locais.

En concreto o día 31 de outubro de 2013, o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, a utilización de sistemas de firma electrónica avanzada e as comunicacións entre administracións públicas por medios electrónicos. Este convenio substitúese polo "Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital", asinado o 18 de febreiro de 2025, para o que é necesario establecer unha nova adhesión por parte das Entidades Locais.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a toda a cidadanía, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica; a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o apoio ao desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Para levar a cabo esta colaboración, mediante este convenio a a Xunta de Galicia, a través da Amtega, e a Fegamp acordan:

a) A posta a disposición das entidades locais de Galicia de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar os esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito. Esta actividade prestacional da Amtega realizarase nas condicións indicadas nas cláusula segunda deste convenio, e poderá levarse a cabo de xeito directo ou mediante contratacións ou encargos a medios propios.

b) A adhesión das entidades locais que así o desexen ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

Segunda.- Catálogo de servizos. Infraestruturas e servizos postos a disposición.

No Anexo I a este convenio recóllense os elementos do "Catálogo de servizos" que se poñen a disposición das entidades locais xunto coa súa modalidade de utilización, así como os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais e a determinación do seu ámbito de utilización.

O "Catálogo de servizos" recollido no Anexo I é o identificado no momento da sinatura do convenio. Mediante addenda a este convenio poderanse incluír novos elementos ou modificar as modalidades de uso.

O "Catálogo de servizos" estará dispoñible e permanentemente actualizado no portal eidolocal.gal, xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requirimentos previos de uso e os posibles custos de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel.



Terceira.- Adhesión ao convenio.

As entidades locais de Galicia poderán solicitar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración pública. A efectividade das adhesións quedará condicionada á obtención da conformidade por parte da Comisión de Seguimento deste convenio.

Con relación ás solucións incluídas no “Catálogo de servizos”, considerarase vixente a adhesión das entidades locais ao convenio precedente, a non ser que de xeito expreso manifesten o contrario.

Así mesmo, as entidades locais que se adhiran ao convenio poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordos marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

Cuarta.- Utilización do “Catálogo de servizos”.

Os servizos incluídos no catálogo estarán a disposición das entidades locais de Galicia adheridas a este convenio. No portal eidolocal.gal publicaranse os procedementos para a solicitude e configuración de uso. A modificación dos servizos do catálogo levarase a cabo mediante addenda, segundo o indicado na cláusula segunda.

No catálogo indicaranse aqueles servizos que, polas súas características, requiren da sinatura dun acordo de uso específico no que se regulen as condicións concretas da súa prestación, así como os asinantes requiridos do mesmo. Nos acordos anteditos figurarán as obrigas e responsabilidades que asumen cada unha das partes asinantes.

Quinta.- Contratos baseados en acordos marco.

A adhesión ao presente convenio habilita tamén a adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

A adhesión ao sistema de contratación centralizada realízase por motivos de eficacia e eficiencia na xestión competencial dos organismos asinantes e sen prexuízo en todo caso da totalidade das competencias das entidades locais, de acordo coa normativa vixente

En virtude do disposto neste convenio, as entidades locais que se adhiran ao convenio de acordo co establecido na cláusula terceira poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que



establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordo marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

Sexta.- Obrigas comúns.

Para impulsar a Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e de lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométese formalmente a:

- Fomentar a implantación e o desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.
- Promover a utilización, a cesión, a transferencia e a compartición de plataformas dixitais, así como, en xeral, de sistemas, de aplicacións ou de software de titularidade pública sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.
- Asumir a dirección, organización e xestión dos traballos que corresponden en atención ao seu ámbito competencial.

Sétima.- Compromisos da Xunta de Galicia.

Coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, a a Xunta de Galicia, a través da Amtega, porá a disposición das entidades locais adheridas ao presente convenio as solucións incluídas no "Catálogo de servizos". Con carácter xeral, a Xunta de Galicia comprométese a:

- Posta a disposición das entidades locais de Galicia dos sistemas, solucións tecnolóxicas e infraestruturas previstas no "Catálogo de servizos", conforme ás especificacións e condicións de uso descritas na documentación específica de cada unha delas.
- Garantir a continuidade na prestación das solucións tecnolóxicas de administración electrónica incluídas no presente convenio, asegurando a escalabilidade, robustez, dispoñibilidade, integridade e confidencialidade e seguridade da información.
- Proporcionar ás entidades locais de Galicia a documentación técnica necesaria para a posta en marcha e administración das solucións tecnolóxicas que se prestan no marco deste convenio recollendo, cando sexa necesario, a información legal, administrativa e técnica precisa para a utilización das mesmas por parte das entidades locais, así como calquera outra información que deba ser coñecida por estas para a prestación dos correspondentes servizos.
- Manter actualizado o "Catálogo de servizos" que será publicado no Portal das Entidades Locais de Galicia, eidolocal.gal, segundo se describe neste convenio. A modificación dos servizos do catálogo poderá realizarse mediante adenda.



- Asesorar ás entidades locais de Galicia no acceso e uso das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio e levar a cabo as actuacións de formación necesarias para garantir o seu correcto uso por parte das Entidades Locais de Galicia.
- Potenciar o portal de internet "Eidolocal" (www.eidolocal.ga) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia.

En relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, cuxa competencia corresponde á Amtega, esta comprométese a:

- Garantir, con carácter xeral, a dispoñibilidade dos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, mentres este manteña a súa vixencia e baixo as condicións establecidas nos correspondentes acordos marco que lle dean soporte.
- De ser o caso, incorporar ás entidades locais dentro das entidades adheridas aos acordos marco correspondentes. Neste senso, e de resultar preciso, tramitará a modificación do alcance dos ditos acordos marco, para deixar constancia da inclusión das entidades locais no seu obxecto, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

Oitava.- Compromisos da FEGAMP

A Federación Galega de Municipios e Provincias asume no marco deste convenio as seguintes obrigas:

- Colaborar coa Xunta de Galicia no análise de situación da evolución da administración dixital e a identificación de oportunidades de colaboración neste ámbito.
- Trasladar ás entidades locais de Galicia este convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.
- Difundir entre as entidades locais de Galicia as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se derive, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.
- Levar a cabo a intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.
- Representar, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo segunda, os intereses das entidades locais que se poidan adherir ao convenio.

Novena.- Compromisos das entidades locais adheridas.

Sen prexuízo das restantes obrigas que figuren nos correspondentes Acordos de adhesión, con carácter xeral, as entidades locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométense a:

- Facer un uso axeitado das solucións tecnolóxicas e dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presente segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes.



- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións incluídas no presente convenio, segundo se describen na documentación específica de cada unha delas.
- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa entidade, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións do presente convenio que desexen utilizar.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica e os servizos e solucións a utilizar.

Doutra banda e en relación ca adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, a entidade local adherida comprométese a:

- Respetar as condicións de contratación establecidas nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como a facer un uso axeitado dos servizos obxecto dos contratos derivados que poida asinar coas entidades adxudicatarias dos acordos marco tramitados pola Amtega.
- Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.
- Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
- Asumir todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos derivados baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, quedando exonerada a Amtega de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba a entidade local.
- Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por ela promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

Décima.- Colaboración das Deputacións Provinciais

As Deputacións Provinciais poderán colaborar ou subrogarse nas obrigas correspondentes aos concellos de menos de 20.000 do seu ámbito territorial derivadas deste convenio e dos acordos de uso que regulen as condicións específicas da prestación de servizos incluídos no mesmo. Esta colaboración deberá formalizarse expresamente mediante acordo entre as deputacións e os concellos respectivos, debendo dar conta do mesmo á Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Soporte, formación e difusión.

A Amtega realizará as actividades de soporte ás entidades locais adheridas das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica.



Do mesmo xeito, colaborará coas ditas entidades locais na difusión cara ás propias entidades, á cidadanía ou a outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio.

A formación do persoal das entidades asinantes do presente convenio poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido nel, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou persoa en quen delegue.
- Un funcionario/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A Presidencia da Comisión de Seguimento corresponderá alternativamente e por períodos dun ano ás persoas titulares da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Dirección Xeral de Administración Local, respectivamente.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será desempeñada por un funcionario/a designado/a pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Comisión de Seguimento reunirse a proposta de calquera dos seus membros.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A conformidade da adhesión das entidades locais a este convenio.
- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- A aprobación das propostas de modificación do "Catálogo de servizos" que deberán incluírse na addenda que se tramite ao efecto.
- A aprobación das normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

Será de aplicación á Comisión de Seguimento o réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O funcionamento da Comisión de Seguimento fomentará o uso de medios dixitais nas actuacións de coordinación e seguimento,



podendo realizarse as súas sesións de xeito dixital, con reunións e sinatura de acordos síncronos ou asíncronos.

Décimo terceira.- Duración do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a adhesión da entidade local a acordos marco concretos, dentro do sistema de contratación centralizada, extinguirase cando estes finalicen a súa vixencia, sen que iso lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.

Décimo cuarta.- Modificación, denuncia e causas de resolución.

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Acordo unánime do tódolos asinantes.
- Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.

Décimo quinta.- Financiamento.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á extensión da administración dixital mediante o financiamento, con cargo aos seus propios orzamentos, respectivamente, da realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio, nos termos da cláusula décimo sexta deste convenio.

A adhesión ao presente convenio non comporta obrigas económicas adicionais para ningunha das partes asinantes.



Décimo sexta.- Condicións económicas específicas das solucións incluídas no "Catálogo de servizos".

Dentro das condicións específicas de cada unha das solucións incluídas no "Catálogo de servizos" determinarase a contribución económica de cada unha das distintas administracións para garantir a súa mellor prestación á cidadanía. Neste senso, as solucións tecnolóxicas incluídas no "Catálogo de servizos" poderán ser:

- a) Gratuítas:** solucións tecnolóxicas que poderán ser utilizadas polas Entidades Locais de Galicia para a extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia.
- b) Cota fixa:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia e a entidade local de que se trate, na proporción que se determine no correspondente instrumento de adhesión.
- c) Por uso:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia, correspondendo á entidade local de que se trate o financiamento correspondente ao incremento dos custos de mantemento derivados do uso que se faga do mesmo no seu ámbito territorial, e que se determinará no correspondente instrumento de adhesión.

Coa finalidade de facer efectiva a contribución da entidade local prevista nas letras b) e c), no posterior acordo concreto de prestación do servizo acordaranse os termos específicos.

Décimo sétima.- Protección de datos.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Décimo oitava.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e Xunta de Galicia ou a Amtega.



Décimo novena.-Publicidade.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consentem na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno . ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Vixésima.- Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

En especial, o convenio queda suxeito ao capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen expoñerse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e na data da sinatura dixital.

Conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Deportes

O director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de
Galicia

Presidente da Federación Galega
de Municipios e Provincias

D. Diego Calvo Pouso

D. Julián Cerviño Iglesia

D. Alberto Varela Paz



ANEXO I - CATÁLOGO DE SERVIZOS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL.

Neste anexo recóllese a título orientativo un inventario do contido do “Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica”, no momento da sinatura do convenio. No portal Eidolocal estará publicado e permanentemente actualizado o catálogo xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requisitos de uso de cada un dos servizos., así como a información relativa ás novas solucións tecnolóxicas que se poidan incorporar nun futuro.

No “Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica” distínguense as seguintes categorías:

A.	Servizos dixitais da Xunta de Galicia.
B.	Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
C.	Datos e territorio.

Adicionalmente, inclúese neste catálogo a necesidade, para a utilización dalgúns dos servizos, da adhesión ao “Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para a prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital” asinado o 18 de febreiro de 2025. Este convenio, publicado no portal Eidolocal, da continuidade ao anterior, habilita o acceso a diversos servizos dixitais promovidos pola Administración Xeral do Estado e especifica as obrigas para o seu uso pero require, tal e como establecen os seus termos, unha nova adhesión expresa.

A Xunta de Galicia, a través da Amtega, coordinará o proceso de adhesión por parte das entidades locais interesadas.

A. SERVIZOS DIXITAIS DA XUNTA DE GALICIA.

En función das condicións e situación das aplicacións ou sistemas, estes poderán poñerse a dispor en diversas modalidades: reutilización da aplicación, posta a dispor do seu uso, utilización compartida e aquelas outras que en cada momento poidan resultar de interese. Na publicación detallada do catálogo identificaranse as modalidades dispoñibles para cada caso.

a) Conexión á rede corporativa da Xunta de Galicia.

A rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia proporciona servizos de datos, internet, telefonía fixa e telefonía móbil aos diferentes organismos, e posibilita a súa conexión coa rede SARA.



Cada entidade local poderá solicitar un máximo de dúas liñas de datos de forma gratuíta.

b) Conexión á rede SARA.

A Rede SARA (*Sistema de Aplicaciones y Redes para las Administraciones*) é un conxunto de infraestruturas de comunicacións e servizos básicos que conecta as redes das Administracións Públicas Españolas facilitando o intercambio seguro de información e o acceso a servizos compartidos.

Esta Rede permite a calquera Administración Pública conectada prover servizos ou utilizar os que poñen á súa disposición outras Administracións Públicas.

c) Rexistro – SIR.

Rexistro E/S da Xunta de Galicia (AIRES). Actualmente, AIRES está integrada co Sistema de Inerconexión de Rexistros (SIR).

d) Chave365.

Chave365 é o sistema que permite á cidadanía maior de idade e aos/ás menores emancipados/as identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante un código único, para cada operación, que se recibe no teléfono móbil, sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Calquera entidade local pode solicitar ser Oficina de rexistro de usuarios de Chave 365

e) Notifica.gal.

Sistema de Notificación de Galicia, Notifica.gal é o servizo que permite, por una banda, aos/ás cidadáns/ás, empresas e administracións públicas galegas recibir de forma áxil e sinxela notificacións electrónicas das administracións públicas galegas e por outra banda, permite ao persoal das administracións públicas, que dispoñan deste servizo, realizar o envío e xestión das notificacións á cidadanía e a outras administracións.

Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.

f) Plataforma de intermediación de datos e documentos PasaXe!.

A plataforma de intermediación PasaXe!, como nodo de interoperabilidade, presta funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e o resto das administracións públicas. O intercambio realízase nunhas condicións tales que garanten a seguridade da información e a protección dos datos persoais que se transmitan, proporcionando medidas para a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza daqueles.

O Catálogo de servizos de interoperabilidade inclúe todos os servizos de consulta de datos e documentos accesibles a través da plataforma, así como as súas condicións de acceso.

g) Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos.

O Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) permite ás persoas físicas e xurídicas outorgar poderes a outros/as cidadáns/ás ou entidades para actuar no seu nome nas relacións ante as administracións públicas. Pódese outorgar un



apoderamento de maneira presencial a través das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou tamén de forma telemática.

Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.

h) Plataforma de contratos de Galicia.

Punto de acceso á información publicada por todos os perfís dos órganos de contratación do sector público galego, incluídas as entidades locais. Unha entidade local pode manter os datos do seu perfil como contratante, publicar e xestionar os seus procedementos de contratación na plataforma de Contratos Públicos de Galicia. A plataforma atópase na actualidade interconectada coa Plataforma de Contratación do Sector Público de xeito que as licitacións anunciadas nela pódense visibilizar a nivel estatal facilitando a concorrencia e acceso ás licitacións das pequenas e medianas empresas.

i) Plataforma de licitación electrónica Silex.

A plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia permite a creación de expedientes, presentación de ofertas e celebración das mesas de contratación.

k) SEF, sistema de facturación electrónica.

Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas de Galicia que permite a presentación telemática de facturas, a xestión e seguimento dos estados de tramitación para a simplificación de trámites de facturación e o aforro de custos a administracións e empresas así como os intercambios de información necesarios cos Sistemas Económicos-Financeiros das entidades.

l) Servizos de certificación dixital.

A Xunta de Galicia xestionará un contrato cunha autoridade de certificación coa finalidade de ofrecer certificados dixitais e servizos que permitan aos organismos e entidades públicas galegas asinar os documentos que forman parte dos procedementos que se tramitan de xeito telemático e identificarse ante a cidadanía nas relacións por canles telemáticas.

m) Sistema de tradución automatizada Gaio (Integración).

Posibilidade de integración co sistema de tradución automática da Xunta de Galicia que realiza a tradución automática de textos, documentos e páxinas web e permite facer traducións entre galego e castelán en ambos sentidos, ao igual que entre galego e portugués.

B. SERVIZOS ESPECIALIZADOS EN SEGURIDADE DA INFORMACIÓN, CIBERSEGURIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E SOLUCIÓNS CLOUD.

No proceso de dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da **seguridade da información** son dunha enorme complexidade e os **risks de ciberseguridade** ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como



locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto.

Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais **servizos relativos ao cloud computing** (computación na nube) en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da Amtega), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais:	Servizo de visibilidade do nivel de ciberseguridade das organizacións.
	Monitorización, análise e xestión continua de vulnerabilidades.
	Ciberexercicios como adestramento en materia de ciberseguridade.
	Actividades de formación, concienciación e talento, vídeos formativos e actividades para a promoción e retención do talento.
	Organización de eventos en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
	Servizo de xestión de eventos e información de seguridade.
	Servizo de monitorización mediante sonda do tráfico da rede e servizo de protección de rede mediante cortalumes de nova xeración.
	Monitorización de eventos e xestión de incidentes de seguridade.
	Consultoría de alta especialización.
	Servizo de vixilancia dixital ou ciberintelixencia no ámbito da seguridade TIC.
Calquera outros servizos ou infraestruturas de seguridade que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.	
Servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades:	IaaS (infraestrutura como servizo).
	PaaS (plataforma como servizo).
	SaaS (software como servizo).
	Calquera outra modalidade de servizos Cloud ou unha combinación das mesmas que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.



C) DATOS E TERRITORIO.

Un dos eixos estratéxicos a desenvolver na Estratexia Dixital 2030 é o eixe E4.Territorio Intelixente, verde e resiliente, onde por parte da Amtega contéplase a posta en marcha da Plataforma Galicia Territorio Intelixente, que consolidará nunha base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos.

O obxectivo principal desta Estratexia é gañar soberanía dixital e aproveitar e adaptar as tecnoloxías disruptivas, como o Internet das Cousas (IoT) para consolidar unha administración dixital, máis eficaz e eficiente, que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos.

Nesta nova fase, xa non só debemos dotar o territorio para conectar ás persoas, senón tamén para conectar dispositivos e sensores e xestionar en tempo real e con tecnoloxías intelixentes todos os datos que nos proporcionen.

a) Rede ICousas

A **Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas)**, é unha rede de comunicación IoT para a autoprestación de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade para xestionar máis de 300.000 sensores e que cubre máis do 70% do territorio galego. Está formada por máis de 300 puntos de acceso que poden captar e enviar información a dispositivos IoT, así como unha plataforma que xestiona e procesa a información captada polos ditos dispositivos e os elementos que integran a rede de acceso. Os puntos de acceso da rede instaláronse nos centros de telecomunicación titularidade da Xunta de Galicia xestionados por Retegal distribuídos por toda a xeografía galega e outras infraestruturas públicas, con foco no ámbito rural.

As redes IoT poden proporcionar información relevante do territorio nos diferentes eidos xestionados por parte das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a xestión, optimizar a toma de decisións e posibilitar a capacidade de monitorización do territorio. En definitiva, esta tecnoloxía é unha ferramenta fundamental no proceso de dixitalización do medio rural, facilitando a mellora da competitividade e calidade de vida, a cohesión do territorio e a fixación de poboación no rural.

A Xunta de Galicia, por medio da Amtega, pon a disposición das entidades locais a rede iCousas, que proporciona servizos de conectividade a dispositivos e sensores IoT, e o acceso aos datos captados polos sensores distribuídos polo territorio a través dunha plataforma que facilita a xestión e acceso a información proporcionada polos sensores.

A modalidade de uso dos servizos será de adhesión a un encargo co pago dunha cota por sensor para cada un dos servizos proporcionados, en base ás tarifas definidas no correspondente instrumento de adhesión.

Os servizos proporcionados pola rede iCousas son:



Servizos de conectividade IoT	Servizo de conectividade(€/ano/sensor), en función do tráfico cursado.
Servizos de acceso á plataforma	Servizo de acceso á plataforma (€/ano/sensor).
Servizos de mantemento dos sensores	Visita para mantemento preventivo (€/sensor).
	Visita para mantemento correctivo (€/sensor).

A adquisición dos sensores IoT e a súa instalación e mantemento, así como a personalización de acceso á información ou a extensión de cobertura en interiores e/ou onde non chega a rede, poderá realizarse mediante instrumentos como, no seu caso, addendas que a propia Amtega podería facer á encomenda da xestión e mantemento da Rede Galega de Internet das Cousas. Cada proxecto levará asociado o seu modelo de negocio, para a definición das tarifas, custos e investimentos asociados.



ANEXO II

ADHESIÓN DA <DEPUTACIÓN PROVINCIAL/ ENTIDADE LOCAL / ...> AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL ASINADO O dd/mm/aaaa

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Deputación Provincial / Entidade Local /...),

DECLARA:

Que o (órgano competente) da (Deputación Provincial /Entidade Local) acordou, con data____de_____ de 202_ , solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento dunha Administración dixital.

MANIFESTA:

A vontade da (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) de adherirse formal e expresamente ao convenio, en virtude das previsións contidas no clausulado do mesmo, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

(Lugar, data e firma)



ANEXO III

CONFORMIDADE DA ADHESIÓN DA (DEPUTACIÓN PROVINCIAL / ENTIDADE LOCAL / ...) AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

ASINADO O dd/mm/aaaa

Don/Dona ---, director/a a Dirección Xeral de Administración Local, e Don/Dona ..., director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en razón dos termos establecidos no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha Administración Dixital, asinado en data __ de ___ de 202_.

CERTIFICAN QUE

- A (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) manifestou a súa vontade de adherirse mediante escrito firmado en data __ de ___ de 202_.
- Acordouse dar conformidade á solicitude de adhesión formulada pola (Deputación Provincial / Entidade Local / ...).

O que se certifica en ____, a _____ de _____ de 202_.

O/a Director/a Xeral de Administración Local

O/a Director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

